

INFORME DA SITUACIÓN DA SANIDADE GALEGA NO ANO 2016

Dr. Xosé M^a Dios Diz

Membro do Consello Asesor da FGS e Voceiro da Plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela

RESUMO

O autor proporciona os datos que definen a situación da sanidade pública galega no ano 2016. Revela as súas carencias no que a persoal, infraestruturas e dotación económica di respecto, lembra a vixencia de leis que exclúen da asistencia sanitaria importantes sectores da nosa sociedade, subliña as consecuencias do desmantelamento e a privatización de servizos asistenciais e estratéxicos e do control da industria (farmacéutica e tecnolóxica) sobre as decisións do sistema sanitario.

RELATORIO

1.- Manténse a insuficiencia económica: O orzamento sanitario público baixou nun 18.3% desde 2009, sendo a Atención Primaria (AP) a mais perxudicada con un -22.3%, fronte a un -0.2% da hospitalaria.

2.- Falta de persoal: dende o inicio da crise, perdéronse 1.795 prazas na sanidade pública, 1.154 en AP e 641 nos hospitais: 513 prazas de médicos (392 en AP e 121 en hospitais), 184 prazas de enfermaría hospitalaria e 1.121 prazas de persoal non sanitario.

3.- Faltan camas: a pesar de teren sido eliminadas previamente 447 camas hospitalarias públicas en Galiza, este verán do 2016, pecháronse máis de mil.

4.- Segue vixente o Real Decreto 16/2012 de exclusión sanitaria, que deixou sen dereito a asistencia sanitaria, a inmigrantes ilegais, mozos e mozas de máis de 26 anos que non se declaren pobres, ou que emigraron mais de tres meses fora do estado español. O “Programa Galego de Protección Social e da Saúde Pública”, feito por Feijoo, é un parche que non resolve a vulneración do dereito á universalidade da asistencia.

5.- Prosegue o desmantelamento e privatización dos servizos asistenciais:

- **O modelo de Colaboración Público-Privada, para construír o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo** presenta innumerables deficiencias, como consecuencia da redución de mais de 400 camas con respecto ao previsto inicialmente, supresión de quirófanos nun 31.4%, supresión de camas de UCI nun 25.5%, ou espazo de Urxencias nun 55.5%; supresión en Radioloxía do 45%.

A Xunta licitou a ampliación e xestión privada do Hospital de Ourense (CHOU) favorecendo a empresa concesionaria –integrada por ACS, Indra e La Caixa-, en 41 millóns de euros.

A ampliación do Hospital do Salnés foi adxudicada á multinacional Cofely-Suez.

- **Renovouse o Concerto Singular co Hospital privado Povisa de Vigo**, que supón pagar un canon anual de 75 millóns de euros pola utilización de 403 camas, a pesar de ter menos recursos humanos e materiais que os Hospitais do SERGAS.
- **Mantéñense os problemas nos Servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear no Hospital de Lugo.**
- **Segue paralizado o proxecto de creación de Hospital Único de Pontevedra.**
- **Continúa o desmantelamento de servizos dos Hospitais Comarcais** e das súas áreas sanitarias.
- **Soamente foron construídos 6 dos 66 novos Centros de Atención Primaria** previstos no Plan de Mellora da AP, eliminado de maneira fulminante cando o PP accedeu ao poder. Estaba asinado polo goberno bipartito, as centrais sindicais e as organizacións sanitarias.
- **Mantéñense** as Xerencias Integradas, que someten a Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias.
- **Privatizouse o Laboratorio Central de Galiza**, adxudicado á multinacional UNILABs, o que pon en perigo os laboratorios dos Hospitais Públicos, que poderán pechar progresivamente como en Vigo.
- **Mantense a empresa Galaria S.A.** incumprindo o compromiso de integrar os servizos de Radioterapia, de Medicina Nuclear/PET e a Resonancia Magnética na Sanidade Pública.
- **Mantense o “Socio Tecnolóxico”**, polo que, as mesmas empresas que fabrican os aparellos tecnolóxicos, controlan os equipos que deben adquirir os Hospitais, fixan o seu prezo e deciden onde se ubican.
- **Os Institutos Biomédicos de Investigación dos Hospitais Públicos** do Sergas (acollidos ao modelo empresarial, coa participación das multinacionais farmacéuticas) seguen controlando e dirixindo a investigación sanitaria, coa axuda da chamada **Compra Pública Innovadora**, que impulsa a innovación, financiando a investigación empresarial e a compra dos bens e servizos resultantes, que reserva os resultados da I+D financiada publicamente.... ás empresas privadas.
- **Mantense a Lei de Racionalización do Sector Público** que legalizou o patrocinio privado de todos os Servizos do SERGAS, mentres que “A Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios” e da “Axencia Galega de Sangue e Tecidos” mantén os profesionais do sistema público, fora do control da docencia e da avaliación das tecnoloxías.
- **Prosegue o deterioro da Saúde Mental**, como consecuencia da paralización do Plan Estratéxico de Saúde Mental Galicia 2006-2011.
- **Unicamente tres Hospitais Públicos ofertan a Interrupción Voluntaria do Embarazo**, polo

que a maioría das mulleres, ten que trasladarse a centros privados en Madrid, con risco para a súa saúde. Ningún dos 10 Centros de Planificación Familiar de Galiza, mantén unha atención integral e de calidade, debido os recortes de persoal e a potenciación da atención privada.

- **Segue deteriorándose a Atención as Drogodependencias:** pola redución das axudas, tanto a atención xurídica e penal das persoas en risco de exclusión social; da redución do financiamento dos Equipos de Prevención das drogo-dependencias; da redución dos convenios cas Comunidades Terapéuticas, e dos Centros de Atención a Drogodependentes e a redución de prestacións na Prevención do Alcohólicismo.

6.- As listas de agarda, seguen elevadas e manténdose ocultas as non estruturais (deixáronse de publicar trimestralmente e só ofrecen datos dos dous últimos anos, para evitar comparacións).

7.- Manteñense privatizados os Servizos Estratéxicos do Sergas (en mans de empresas multinacionais e fondos de inversión):

- **Servizo de ambulancias.**
- **Historia clínica electrónica (Ianus):** concedida a *Indra* (xestiona os datos sanitarios da poboación).
- **Telecomunicacións,** cedidas a *Telefónica*.
- **A Plataforma Electrónica,** cedida a *Netaccede*, fondo de capital risco por ex-altos cargos da Xunta e Caixanova, e xestionada por un directivo que provén da auditora *Deloitte*.
- **O teléfono de cita previa,** tamén en mans de *Netaccede*.
- **O servizo de subministro e loxística,** cedido a *Severiano Servicio Móvil*.
- **O mantemento dos equipos sanitarios,** adxudicado á *Ibérica de Mantenimiento SA*.
- **A xestión da limpeza e enerxía** entregada ao *Grupo Norte*.
- **O servizo de catering dos Hospitais Públicos,** adxudicado a *Mediterránea-Arturo*, do fondo de inversión *Portobello* (Banco de Santander, BBVA, CAM/Sabadell, Bankia) e de *Arturo Fernández* (vicepresidente da CEOE e imputado no caso Bankia).
- **Os servizos de protección radiolóxica,** cedidos a *General Electric*, empresa que fabrica os equipos é a que realiza o control de calidade.
- **As contratacións públicas do Sergas.** Transferidas a *Plataforma Electrónica Vortal Connecting Bussines*, participada por *Microsoft*, *Telefónica* e *Indra*, que xestionan tamén a teleasistencia, a receita electrónica e a historia clínica.
- As agullas de inxección de insulina dos pacientes diabéticos insulín dependentes. A mala calidade é culpa da empresa PROSAGA S.L.

8.- As Unidades de Xestión Clínica (UXC): até agora detidas, pola presión dos colectivos sociais e sanitarios, e son o próximo, si o consiguen, para a privatización do Sistema Sanitario Público, co que pretenden converter os servizos de AP e Hospitalarios en “empresas autónomas”.

A enorme débeda sanitaria do goberno de Feijóo pon en risco a sanidade galega

Co plan de pagamento a fornecedores de Montoro, sáldase, no ano 2012, a práctica totalidade da enorme débeda sanitaria que as CCAA acumularan nos primeiros anos da crise económica, que só en tecnoloxía sanitaria e medicamentos hospitalarios, ascendía a 11.600 millóns de euros. A este plan non se suman o País Vasco nin Navarra, cunha débeda relativamente escasa (88 millóns e 25 millóns respectivamente), nin tampouco Galiza, **malia unha avultada débeda sanitaria de 458 Millónm de euros**, seguramente porque Feijóo quixo evitar o conseguente control do Ministerio de Facenda sobre a Xunta.

De novo, as facturas das CCAA volven a acumularse, e requiren novos desembolsos estatais, debido a que as empresas sanitarias son “un pozo sen fondo”. Así, entre xaneiro e outubro de 2015 orixínase unha débeda que roza os 8.000 millóns de euros, a un ritmo mensual de 763.

Nese período, a Xunta acumula unha débeda sanitaria de 368 millóns de euros, aos que haberá que sumar os máis de 500 de débeda anterior e os compromisos anuais das súas innecesarias e desastrosas privatizacións (72 millóns/ano do canon do hospital de Vigo, 75 millóns/ano do concerto con Povisa e as custosas externalizacións de servizos sanitarios e non sanitarios).

A avultada débeda farmacéutica e tecnolóxica xerada en 2015 é especialmente preocupante, xa que reflicte o control da industria sobre as decisións do sistema sanitario.

A cesión da xestión da Investigación Pública do Sergas á industria farmacéutica e da **xestión da alta tecnoloxía** ás multinacionais tecnolóxicas, unido á **rápida e continuada aprobación de fármacos** a prezos cada vez máis estrambóticos para o mesmo proceso, incrementarán aínda máis a débeda sanitaria, o que levará a un círculo vicioso de novos recortes e privatizacións e á insostenibilidade do SNS.

Dende a Fundación Galiza Sempre, e dende a Plataforma SOS Sanidade Pública, observamos que cada día é máis evidente a necesidade dun cambio de rumbo na política sanitaria e por suposto, no goberno de Galiza

Dr. Xosé M^a Dios Diz, Compostela, 8 de maio do 2017